

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Lugo para que a administración tramite e, no seu caso, resolva expresamente o recurso presentado pola persoa promotora deste expediente de queixa, en caso de non facelo na data en que se reciba esta resolución, e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: A.11.Q/94/24

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2024

Sra. alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona XXX co DNI XXX.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No escrito de queixa presentado indícase, en esencia:

Silencio administrativo a un recurso potestativo de reposición enviado al departamento de desarrollo local del Concello de Lugo. Este recurso fue enviado en base a unas listas publicadas para un obradoiro de emprego en el Concello de Lugo, en el que una vez seleccionada dejan dos días para alegaciones, y en ese plazo recurre una de las personas de lista de reserva y se le admite a trámite su recurso pasando a eliminarme de las listas. En el recurso planteado, considero a todas luces injusto todo lo que se le ha admitido a este recurrente que una vez obtenida toda la documentación y alegaciones de este, en mi planteamiento expongo que ni tiene la puntuación que se le ha pasado a baremar, a nivel titulaciones, como así lo razono una vez asesorada, ni deberían de admitirle la recogida de esa documentación, puesto que el mismo día que nos presentamos se nos aclaró a todas las personas que allí acudimos, que era este el único día que teníamos para presentar cualquier titulación.

Recibo llamada telefónica de que estoy fuera de la lista cuando estoy ya en el area de personal del Concello unos minutos antes de firmar el contrato de trabajo, me dan explicaciones y cuando pido detalles, pues esto a mi me deja descolocada en ese momento, sin entender ni siquiera si estaban en plazo esas alegaciones, me dicen que si, y que todo lo que presentaba estaba muy justificado, que lo sentían mucho, pero era así y que tenían que publicar pronto listas definitivas, sigo insistiendo y me dicen que si

quiero puedo pasarme por Cei Nodus y que me explican mejor, cuando me dirijo allí, me dicen que si estoy muy cerca y les digo que en el mismo aparcamiento del edificio, me dicen entonces que no es necesario que suba, que todavía están estudiando el tema y que no hay nada hecho todavía que tranquila y que espere al día siguiente a que lo estudien. Al llegar a mi casa, antes de mediodía, me llaman de nuevo diciendo que no ha podido ser que lo sentían pero que iban a publicar ya las listas definitivas.

La documentación y explicaciones cuando las he podido ver, me las muestran y explican que han admitido todo a trámite (menos un punto en el que pedía también que se le puntuasen más certificados de profesionalidad), puesto que estaba muy bien argumentado y que todo había sido muy rápido y que tenían que publicar listas enseguida, pero que todos somos humanos y podemos equivocarnos, y que han visto esos errores.

Cuando reviso las alegaciones del recurrente, me encuentro que envían el lunes (que todavía a día de hoy sigo sin tener claro que esté en plazo, pues en las mismas bases habla de 2 días naturales) y en lo que se basa en la ley del procedimiento administrativo para decir que pasan al hábil siguiente y sigue enviando folios y folios interminables del procedimiento.

Yo, todo mi recurso lo baso en las bases que ellos han publicado y por supuesto en sus alegaciones en cuando a sus aportaciones académicas.

Considero pues que a pesar de que se pueden acoger a un silencio administrativo, entiendo que a todas luces mi recurso es digno de respuesta, con lo que realizo llamada telefónica a uno de los responsables que me atendió personalmente el día que me enseñan la documentación mía y del recurrente, y comento que me está extrañando mucho la tardanza en recibir respuesta, que si se habían reunido para estudiar mi recurso, y me dicen que si que ya se habían reunido pero que todavía estaban en plazo (así era, faltaban solo unos días para finalizar) y que espere unos minutos que me volverá a llamar para ver esto. Me llaman de nuevo diciendo que este asunto pasa a PERSONAL , y que lo llevan en ese departamento, cuando yo en todo momento, todas mis peticiones y envíos incluido recurso fueron AL DEPARTAMENTO DE DESARROLLO LOCAL. Me dice ya de antemano que me pueden contestar O NO.

Para que sirve entonces un recurso de reposición? Si atienden alegaciones en dos días de plazo, pero ya no se responde un recurso en el que tienen un mes para contestar, dejando así pasar plazo para dar la llamada por respuesta. Me parece una situación de indefensión ya que las alegaciones que se plantean son hechos completamente objetivos y comprobables, no sometido a valoración personal.

Segundo.- Vista a súa queixa, solicítase informe á administración no que, en esencia, indica:

1. Á vista da acta da sesión do Comité de Selección do Obradorio de emprego "ArquivaLugo" de data 19 de decembro de 2023 o tribunal avaliador desestima as alegacións presentada pola interesada, considerando que non é necesario dar audiencia a don xxxx por non modificarse as súas puntuacións. (xúntase a devandita acta).

2. Respecto do recurso de reposición presentado pola interesada, de acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, pódese dilucidar que dado o seu carácter de impugnación ante unha resolución dun órgano de selección, que a súa natureza é a dun recurso de alzada polo que, desde o Servizo de Persoal, se vai proceder a revisar as consideracións e disposicións legais vixentes sobre a procedencia da resolución do mesmo dado que este Servizo non participou na tramitación do expediente administrativo relativo á subvención a programas de Emprego DUAL-OBRADOIRO DE EMPREGO "ARQUIVALUGO" da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, nin nomeou ao tribunal cualificador, sendo o Servizo de Desenvolvemento Local o que realizou a instrución e resolución do expediente tramitado a todos os efectos.

É canto procede informar aos seus oportunos efectos.

ANÁLISE

Primeiro.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, o recurso presentado pola persoa interesada debería ter sido tramitado, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

6: O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obrigación legal de ditar resolución expresa en prazo

Por outra parte, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público preceptúa non seu artigo 14, decisións sobre competencia

1. O órgano administrativo que se estime incompetente para a resolución dun asunto remitirá directamente as actuacións ao órgano que considere competente, debendo notificar esta circunstancia aos interesados

Segundo.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta do órgano autonómico competente ante a queixa presentada por unha persoa empregada pública, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

Terceiro.- A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, di, en relación á cidadanía en xeral:

A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.

E no artigo 3: “A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido...”

No artigo 4. Principios, sinala:

Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas.”

Terceiro.- A interesada presentou o seu recurso o 7 de decembro do ano 2023.

A administración remite no seu informe a acta da súa sesión do 19 de decembro, na que o tribunal desestima o recurso presentado.

O 10 de xaneiro do presente ano se solicitou informe ao concello sobre a queixa presentada.

O informe do concello tivo entrada nesta institución o 20 de febreiro. Nel sinala, ao entender que se trata dun recurso de alzada, a súa disposición de analizar a procedencia

para a súa tramitación, pero non sinala prazo estimado para a súa resolución e, ao día de hoxe, no se tiveron mais novas sobre este procedemento.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa entidade o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa sinalada, a administración debe tramitar e, no seu caso, resolver expresamente o recurso presentado pola persoa promotora deste expediente de queixa, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución, e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo